

UNIDADE DIDÁCTICA MISS DOCET

O novo proxecto teatral da **Compañía Eléctrica** ten como protagonista a **Emilia Docet**, a muller que foi coñecida por ser a “**Miss España galeguista**”.



“A maior alegría da miña vida será o día no que á nosa terra se lle conceda o seu Estatuto”.

Baseándonos en documentación de hemeroteca reconstruímos os anos nos que Emilia Docet Ríos viviu a súa faceta de Miss. Coñecemos así a vida que leva nesa intensa época na que os actos públicos parecen ser o centro da súa vida.

Emilia é unha disciplinada deportista e estudante de Peritaxe Mercantil que aproveita a circunstancia da súa popularidade para expresar tamén o seu galeguismo.

Ela é militante do Partido Galeguista, do que leva unha insignia no peito cando se converte en Miss España (“Regalouma o Partido porque son afiliada. Eu vería con inmensa satisfacción que todas as mulleres de Galicia a levaran, coma min, no seu peito”), e foi unha das participantes no Mitin das Arengas o 24 de xullo de 1934 xunto a Castelao, Bóveda, Suárez Picallo, Paz Andrade e Lugrís Freire, entre outros.



Sabemos pola prensa que rematou os seus estudos e logo traballou no laboratorio Miguel Servet* da cidade de Vigo que e en 1940 casou con Francisco Novoa Ortiz, funcionario de Obras Públicas con quen tivo dous fillos. Aquí desaparece a figura pública de Emilia Docet, e neste punto temos que seguir contando a súa historia a base de recuperar a súa memoria e a das outras mulleres que foron silenciadas no tempo como Urania Mella, Olimpia Valencia, María Antonia Sanjurjo... Todas elas conectadas entre sí polo compromiso coa Galiza e o feminismo, mulleres modernas e independentes que foron mutiladas pola Historia.

Tócanos a nós agora reparar todas estas desaparicións forzadas e devolverlles un lugar visible, e podemos logralo por medio do teatro, pois é a nosa ferramenta de traballo e o noso xeito de mudar o mundo. Divulgar esta peza de carácter documental dun xeito artístico pode facer moito pola reparación da memoria histórica nunha época na que é vital non deixar de facelo. Debémollos a Emilia e a todas as mulleres anónimas que quixeron unha sociedade xusta e que foron obrigadas a desaparecer na súa loita. A nosa loita.



***Instituto Bioquímico Miguel Servet:** O director desta empresa farmacéutica era o doutor e militante galeguista Ramón Obella Vidal, asociado cun farmacéutico chamado Rubira, xunto co economista e político galeguista Alexandre Bóveda. Os seus impulsores foron os irmáns lucenses Fernández López (os fillos de Antón de Marcos, entre eles Antonio e Xosé). Nun primeiro momento a empresa nutriuse coas achegas científicas de Fernando Calvet, procedente da Universidade de Santiago, e que fora represaliado polo franquismo ao final da guerra civil.

DATOS DE PRODUCCIÓN

ESTREA: venres 28 de MAIO de 2022 Auditorio de Goián 21.00hr

Dirección: Vanesa Sotelo.

Texto: Iria Pinheiro e María Reimóndez.

Actriz: Iria Pinheiro.

Espazo sonoro: Mónica de Nut.

Collage: Susana Blasco

Iluminación: Xacobo Castro.

Vestuario: Gasa Damasco.

Fotografía: Andrés Seara.

Vídeo e trailer: Alexandra Penabade.

Deseño gráfico: Susana Blasco e Paulo Pascual.

Producción: Mona Productora

Distribución : Urdime.



Homenaxe no Hotel Miño de Ourense o 16 de Xuño de 1933

Emilia Docet posa diante dunha bandeira galega arroupada por Otero Pedrayo, Vicente Risco e Álvaro Cunqueiro, entre outras persoas.

A **Compañía Eléctrica** nace en 2020 da man de Iria Pinheiro (actriz) para crear espectáculos dende un punto de vista plástico e poético onde a interpretación e o dispositivo escénico van da man desde o principio da creación. A compañía plantéase a modo de colectivo creativo onde se reúnen as habituais creadoras da actriz. As propostas da compañía están destinadas a todos os públicos, alternando en ocasións con pezas só para público adulto.

Iria Pinheiro traballa como actriz desde o ano 1998.

Desenvolveu a súa actividade profesional na **televisión** autonómica, nas **artes escénicas** e na **música**, ademáis de ter participado en **longamentraxes**, **curtametraxes** e **videoclips**. No ano 2012 crea DandyLady, un alter ego dende o que investiga as posibilidades da **poesía escénica**. En 2020 publica xunto a María Lado o poemario **Uralita**(Ed. Cuarto de Inverno).

Hoxe en día está a traballar no espectáculo Anatomía dunha Serea(teatro documental) polo que recibiu no 2019 dous **Premios María Casares: Mellor Actriz e Mellor Texto Orixinal**(xunto coa poeta María Lado).No 2019 recibe tamén o **Premio Maruxa Villanueva á Interpretación pola súa traxectoria como actriz**. En 2020 recibe o **Premio Mellor Interpretación no Certame Microescenas do Festival Internacional de Teatro de Carballo**.

Traballa actualmente tamén no espectáculo infantil “Aibō” creado pola Compañía Eléctrica xunto con Areta Bolado(A Panadaría Teatro).



Contacto: 633 340 988 iriapisa@gmail.com

ACTIVIDADES

- Coñecades a historia de Emilia Docet? En caso negativo, por que pensades que a súa biografía vos resulta descoñecida?
- E coñecedes algunha historia parecida á de Emilia Docet?
- Se cadra na vosa familia hai algunha muller que tivo experiencias vitais similares ás das mulleres que se citan na obra. Facede de xornalistas e pesquisade estas cuestións na vosa casa para compartilas despois na aula.

- Emilia Docet conviviu no seu tempo con mulleres moi importantes que deixaron unha pegada importante na nosa cultura e na Historia.
- Na obra de teatro cítanse varias delas, sabías da súa existencia?

- Velaquí vai unha listaxe das mulleres contemporáneas a Emilia Docet para que profundicedes nas súas biografías:
 - Juana Capdevielle
 - Olimpia Valencia
 - María Miramontes
 - Mari Luz Morales
 - Syra Alonso

Tamén podedes investigar estas outras mulleres das que se fala na obra:

- Lolita Díaz Baliño
- Micaela Chao Maciñeira

- No escenario de Miss Docet hai unha colaxe feita coas fotos de Emilia e finalmente desvélese a súa cara ao completo. Podedes facer un mural coas imaxes de todas as mulleres e facer arte cos seus nomes e profesións. Na obra de teatro dáselle moita importancia ao ambiente sonoro, as músicas forman parte do texto como unha palabra máis, tamén narran a historia.
- Animádesvos a facer unha paisaxe sonora inspirada en Miss Docet?
Non fan falla instrumentos sequera, podedes usar o que teñades a man e a vosa voz. Por exemplo:
 - Recrear o son da piscina onde nadaba Emilia.
 - Recrear o son da guerra.
 - Recrear o rebumbio da vida e logo o silencio da represión.
- Emilia Docet Ríos foi unha gran deportista, e vós? practicades algún deporte?
Na clase de educación física podemos probar a xogar ao hockey-herba, ou tamén simular a natación con exercicios ximnásticos(igual que fai a actriz na obra).
- Investigade tamén aos equipos de hockey-herba de Vigo daquela época:
Atlántida H.C. e Vértice H.C.
- Ao principio do espectáculo asisitimos a un programa radiofónico. Está feito con retais de declaracións de diferentes persoas e músicas da época. Podedes facer o voso podcast sobre todo o que aprendíchedes asistindo á obra Miss Docet e compartilo co mundo.